

## Comunicado 1 Abril

Poderíamos enumerar aquí tódolos dereitos perdidos estes anos na fábrica de Vigo e por extensión no resto do sector do auto na nosa comarca. Poderíamos enumerar tamén, tódalas medidas de flexibilidade implantadas a custe cero, co beneplácito desa maioría sindical apesebrada, a que só lle importan as necesidades da empresa e o seu beneficio persoal. pero quedaríamos sen tempo e non é preciso porque xa as coñecedes, estades a sufrilas tódolos días.

A precariedade que nace na Citroen, esténdese como unha praga polo resto do sector máis pronto que tarde e correspóndenos a nós, como clase traballadora poñerlle freo. correspóndenos a nós, como clase traballadora loitar contra esa precariedade, loitar contra esa flexibilidade e loitar contra este inxusto reparto da riqueza.

A chantaxe continua nos derradeiros meses, por parte do capo de Stellantis, con constantes ameazas de deslocalización nos medios de comunicación. Solicitando máis e máis flexibilidade e máis e máis cartos públicos, son unha constante. Correspóndenos a nós, pararlle os pes a este tipo. Pero correspóndelle as administracións solicitar como contrapartidas a estas axudas públicas, emprego de calidade, salarios dignos e non supeditar a asignación de novos modelos a redución de custes, que sempre recaen en nós.

Na era da información, agora que temos o mundo nas nosas mans con internet e as redes sociais, agora que é cando máis deberíamos saber, parece que é cando menos sabemos. Agora que tiña que ser máis fácil que nunca a organización obreira é cando menos nos organizamos.

A miña xeración, a pesares da represión, tanto empresarial como institucional e con moitos sacrificios persoais, loitou por conquistar eses dereitos que agora estamos a deixar marchar, porque os dereitos non se piden nin os conceden, os dereitos se loitan e se conquistan.

Non se conquistan dende casa nin dende o egoísmo persoal, non vale iso de que cada quen mire o seu cu, nin valen as múltiples escusas que todas e todos podemos ter para non mobilizarnos. se conquistan coa unidade da clase obreira, coa organización e coa loita. se conquistan tomando as rúas como hoxe estamos a facer aquí.

Grazas a todas e a todas por participar desta mobilización e VIVA A LOITA DA CLASE OBREIRA.